

O antigo complemento por maternidade elimínase e no seu lugar introdúcese o **complemento para a redución da fenda de xénero (Artigo 60 da Lei Xeral da Seguridade Social. RDL 8/2015 LXSS)**.

Consiste nunha cantidade fixa de 27 euros mensuais (14 pagas) por cada filla ou fillo natural ou adoptado ata un máximo de catro para as mulleres beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, **por incapacidade permanente ou viuvez xeradas a partir do 4 de febreiro de 2021**.

Este complemento **poderá superar o límite máximo das pensións públicas**. E actualizarase cada ano na mesma porcentaxe que as pensións contributivas.

O complemento non se terá en conta a efectos de dereito de complemento a mínimos.

Cando se compatibilizan pensións de máis de un réxime o complemento aplicarase unicamente á causada no réxime no que se teñan máis períodos de alta.

Este complemento **recoñecerase á muller sempre que non medie solicitude a favor do outro proxenitor**.

Se as dúas proxenitoras son mulleres recoñeceráselle a quen perciba pensión de menor contía.

Non se recoñecerá este complemento aos pais ou nais privados da patria potestade nin aos pais condenados por violencia contra a muller.

Para que o complemento poida ser solicitado polo **proxenitor home** debe cumprir un dos seguintes requisitos e en ambos casos corresponderlle unha pensión inferior á da muller:

- Causar pensión de viuvez.
- Causar pensión e ter visto afectada a súa carreira profesional polo nacemento ou adopción.

➡ Que se entende por afectación da carreira profesional?:

- ✓ No caso de fillos nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994 ter máis de 120 días sen servizos entre os 9 meses anteriores ao nacemento ou a data de resolución xudicial da adopción e os 3 anos seguintes sempre que a súa pensión sexa inferior á da muller.
- ✓ No caso de fillos nados despois do 1 de xaneiro de 1995, que o funcionario cesara no servizo activo ou tivera unha redución de xornada nos 24 meses seguintes ao nacemento ou resolución xudicial de adopción. A redución de xornada debe ser superior ao 15% con respecto aos 24 meses inmediatamente anteriores. A contía da pensión ou pensións debe ser menor que a da muller.
- ✓ Se os dous proxenitores foran homes e se cumpriran as condicións de afectación da carreira profesional, corresponderá o complemento ao que teña a pensión de menor contía.

Quen ata a data **estivera percibindo o complemento por maternidade manterao**. Se dito complemento fose **menor que o novo complemento** para a redución da fenda de xénero **pódese optar polo novo** complemento